

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 1 de marzo do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Pedro Cambón Fernández.

José Luis Sampedro Bouzas.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 1 de marzo de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 23 de febreiro de 2016.

2º.- Comunicación previa (obra menor).

3º.- Licenzas de obra maior.

4º.- Licenza de segregación.

5º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 23 de febreiro de 2016, coa seguinte corrección de erros: no punto segundo da orde do día, no apartado d) onde di: JESUS SANCHEZ PEREIRA debe dicir JESUS SANCHEZ FERREIRA.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE LOIS CRESPO, con domicilio en Vioxo de Arriba 14, Luaña, na que comunica que vai realizar as seguintes obras nun palletete, no lugar de Vioxo de Arriba, Luaña:

- Enfuscar e pintar as paredes exteriores.

- Reparar a cuberta existente, substituíndo a cobertura actual por outra a base de uralita e tella do país, nunha superficie de 15 m².

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 17 de febreiro de 2016 (expediente núm. 31/16), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que a cor da pintura sexa da gamas dos brancos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por PRUDENCIO JAVIER SANCHEZ PEREIRA, con domicilio en Rúa Príncipe 46, Villestro, Santiago de Compostela, de solicitude de licenza para construír un cobertizo para almacenaxe de forraxe para gando, en Gronzo, Brión, segundo proxecto básico e de execución redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Carlos Abal Guerra, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas A Coruña-Pontevedra, visado número 619/15.

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección agrícola, séndolle de aplicación o disposto ao respecto pola LOUGA, de acordo coa disposición transitoria primeira, letra f).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 20 de novembro de 2015 (expediente núm. 1799/15), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Carlos Abal Guerra, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas A Coruña-Pontevedra, visado número 619/15.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 197.1 da LOUGA: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Deberá rematar a construción existente enfuscando e pintando nunha cor da gama dos brancos as fábricas de bloque de formigón.
- O retranqueo definido no proxecto ao lindeiro noroeste de 5,00 metros afecta á totalidade da edificación, voos incluídos.
- En virtude do establecido polo artigo 42 da LOUGA, manterase o estado natural dos terreos, evitando manter sobre a finca todo tipo de depósitos e residuos, debendo xestionarse os mesmos mediante xestor autorizado.
- En virtude do establecido polo artigo 42 da LOUGA, farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizado.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan M. Hermida Vázquez, que di actuar en representación de LOIS GOMEZ ROGELIO E JOSE MANUEL SC, con domicilio en Macedos s/n, Urdilde, Rois, de solicitude de licenza para construír unha nave destinada a albergar gaiolas de visóns, na Pedreira, Luaña, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 15/12/2015 e documentación complementaria visada o 12/01/2016 e o 02/02/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de monte alto, séndolle de aplicación por remisión a ordenanza de solo rústico de protección forestal, así como o disposto pola vixente LOUGA e especialmente o establecido ao respecto pola Disposición Transitoria Primeira, letra f) desta lei.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 15/12/2015 e documentación complementaria visada o 12/01/2016 e o 02/02/2016.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 197.1 da LOUGA: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- En virtude do establecido polo artigo 42 d) da LOUGA, manterase o estado natural dos terreos, non podendo efectuar alteracións do mesmo sobre os lindes particulares da parcela, na banda de retranqueo obrigatorio de 5 metros.
- O retranqueo aos lindes da parcela será como mínimo de 5 metros, e aplicarase á totalidade da edificación, aleiros incluídos.
- Os acabados exteriores axustaranse ao entorno, debendo de enfuscarse os muros exteriores de fachada e pintalos en cores claras e a cubrición da edificación será de tella cerámica curva.

- En virtude do establecido polo artigo 42.1. e) da LOUGA, farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizado.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Isabel Figueroa Caamaño, que di actuar en representación de IREINVER 2010 SL, con domicilio en C/ Alcalde Lorenzo nº1, baixo, Bertamiráns, Ames, de solicitude de licenza de segregación da finca 732 de concentración parcelaria de Brión, no lugar de Lamiño, segundo proxecto redactado polo arquitecto Óscar Real Villapalos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11/02/2016 e documentación complementaria presentada no Concello o 16/02/2016 (r.e. 689).

Descrición da parcela orixinal:

Parcela 732 de concentración parcelaria de Brión.

Referencia catastral: 6760712NH2466S0001BO.

Superficie: 7.235,06 m².

Clasificación urbanística: solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: Manuel García Fernández, hoxe máis da entidade Xunqueiriña SL

Sur: Emilio García Fernández, hoxe máis da entidade Xunqueiriña SL.

Leste: zona excluída, regato en medio, hoxe terreos da autovía AG-56.

Oeste: camiño de concentración parcelaria.

Segregación pretendida:

Parcela 1.

Superficie: 860,26 m².

Clasificación urbanística: solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: resto da parcela matriz a segregar.

Sur: Emilio García Fernández, hoxe máis da entidade Xunqueiriña SL.

Leste: resto da parcela matriz a segregar.

Oeste: camiño de concentración parcelaria.

Resto da parcela matriz.

Superficie: 6.374,80 m².

Clasificación urbanística: solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: Manuel García Fernández, hoxe máis da entidade Xunqueiriña SL

Sur: parcela 1 a segregar e Emilio García Fernández, hoxe máis da entidade Xunqueiriña SL.

Leste: zona excluída, regato en medio, hoxe terreos da autovía AG-56.

Oeste: camiño de concentración parcelaria e parcela 1 a segregar.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade cos informes favorables do arquitecto municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, informando ao interesado que no caso de que se pretendan construír novas edificacións nas parcelas segregadas, de conformidade co indicado nos artigos 24 e 171 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberá ceder os terreos afectados pola traza viaria.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.10 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González